


Marta Villamayor Álvarez, secretaria do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela,

CERTIFICA, con anterioridade á aprobación da acta correspondente, que o pleno do Consello Social desta Universidade en sesión ordinaria celebrada o 14 de marzo de 2025, de conformidade co establecido no artigo 75.3.f) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, tomou, entre outros, o acordo de aprobación de tarifas de conformidade coa documentación que figura como anexo á presente certificación.

E para que así conste aos efectos oportunos, expido a presente certificación en Santiago de Compostela, a 14 de marzo de 2025, co visto e praxe da señora presidenta.

Vº e Pr.,
A presidenta



Cecilia Sierra Rey



DULCE M^a GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICO, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno na sesión ordinaria do día 30 de xaneiro de 2025 acordou propoñer ao Consello Social a aprobación da proposta de actualización de tarifas do encargo de xestión para a “xestión do servizo de limpeza de edificios e locais da USC pola Fundación USC, M.P”, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co V^o e prace do sr. reitor.

V^o e prace

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

PROPOSTA RELATIVA Á ACTUALIZACIÓN DE TARIFAS DO ENCARGO DE XESTIÓN PARA A «XESTIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS DA USC POLA FUNDACIÓN USC, M.P.».

Por resolución reitoral do 19 de agosto de 2024 encomendouse á Fundación Universidade de Santiago de Compostela, M.P., o encargo para a «xestión do servizo de limpeza de edificios e locais da USC». Para a compensación tarifaria de dito encargo aplicáronse as tarifas aprobadas en xullo de 2021 polos órganos correspondentes, posto que representaban, os custos reais do mesmo.

A Universidade ten a obriga de compensar á Fundación pola custos reais que se deriven da execución do encargo. As tarifas, segundo consta no acordo do Consello Social, «serán obxecto de revisión con carácter anual, ou de maneira extraordinaria cando concorran circunstancias de variabilidade dos prezos de mercado ou de cambios substanciais na estrutura de custos da Fundación USC que así o aconsellen», debendo seguirse o mesmo procedemento polo que foron aprobadas.

A antedita compensación tarifaria aplica respecto do encargo anterior, de conformidade co disposto no artigo 32 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, debendo as ditas tarifas aprobarse polo Consello Social da USC, previa proposta do Consello de Goberno. As tarifas, engade o artigo sinalado, deben calcularse de maneira que representen os custos reais da realización das unidades producidas directamente polo medio propio.

Consonte ao exposto, preséntase ante o Consello de Goberno memoria xustificativa do xerente da Fundación USC, M.P., relativa á actualización da tarifa do encargo para a xestión pola Fundación do servizo de limpeza de edificios e locais da USC, para que, unha vez aprobado polo Consello de Goberno, sexa realizada a correspondente proposta para a súa aprobación definitiva polo Consello Social, momento este a partir do que entrarán en vigor.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O xerente

Javier Ferreira Fernández

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 22/01/2025 13:31:05.

CSV: 020F-A5C2-4480-B663

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
<https://sede.usc.es/sede/ferramentas/publicAPP/comprobarCSV.htm?csvId=020F-A5C2-4480-B663>

Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page

CSV: 020F-A5C2-4480-B663

2 / 2

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
<https://sede.usc.es/csv/E859-983E-4670-91FE>

Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page

CSV: E859-983E-4670-91FE

3 / 14

**INFORME RELATIVO Á ACTUALIZACIÓN DE TARIFAS DA FUNDACIÓN USC, M.P.,
PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS
DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Servizos prestados pola Fundación USC, na súa condición de medio propio personificado da USC

21 DE XANEIRO DE 2025

Avenida das Ciencias 6, 1º
Campus Sur 15782 Santiago de Compostela
www.fundacionusc.gal

1

INFORME XUSTIFICATIVO DA ACTUALIZACIÓN DA TARIFA DA FUNDACIÓN USC, M.P., PARA O DESENVOLVEMENTO E PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

1. ANTECEDENTES. MARCO XURÍDICO.

A Fundación Universidade de Santiago de Compostela, M.P. (a Fundación), é unha entidade de natureza fundacional, de interese galego, con personalidade xurídica propia, constituída por tempo indefinido ao abeiro do disposto no artigo 34.1 da Constitución Española e da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego.

A Fundación é un medio propio personificado da Universidade de Santiago de Compostela, que ten como «finalidade de interese xeral colaborar na promoción e desenvolvemento dos fins propios da Universidade de Santiago de Compostela, así como das súas entidades vinculadas ou dependentes, contribuíndo a exercer con eficacia e eficiencia as funcións que a institución ten asignadas (artigo 6 do Título II, «obxecto da Fundación», dos seus estatutos). En particular, son fins propios da Fundación, entre outros: «prestar os servizos de carácter complementario ou instrumental que sexan necesarios para que a Universidade realice as súas funcións básicas e que non supoñan o exercicio da función de autoridade», «colaborar coa USC no desenvolvemento e xestión daquelas actividades que contribúan a unha mellor asistencia á comunidade universitaria», «promover a realización de actividades que favorezan a integración da Universidade na súa contorna económica, social, cultural e deportiva», así como «fomentar, promover, xestionar, organizar e prestar servizos relacionados coa actividade físico-deportiva, así como a realización de accións subordinadas, relacionadas ou accesorias a aquela, preferentemente na Comunidade Autónoma Galega», abrangendo o desenvolvemento dos fins anteditos tanto no campus universitario de Santiago de Compostela como no campus universitario de Lugo.

Para a consecución dos fins expostos, a Fundación pode levar a cabo, entre outras, as seguintes actividades letra e) do artigo 7, «actividades fundacionais», dos estatutos:

- «Xestionar o servizo de limpeza de edificios e locais da Universidade de Santiago de Compostela.»

Para maior abundamento, a Fundación USC publicou no perfil do contratante os sectores de actividade nos que, estando comprendidos no seus fins e actividades fundacionais, é apto para executar as prestacións das que vaia sendo obxecto de encargo. Entre estes sectores de actividade está comprendido o servizo de limpeza de edificios e locais.

A exposta finalidade de interese xeral da Fundación USC, segundo prevén o artigo 6 e 7 dos seus Estatutos, poderase exercer por medio dos encargos que a Universidade lle realice.

Neste eido, e de conformidade co artigo 32 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), a Fundación USC é un medio propio personificado da USC, o cal, en cumprimento da dita previsión legal, vén recoñecido polo artigo 3 dos «Estatutos da Fundación», modificados polo acordo do Padroado de 30 de decembro de 2019, elevado a público en virtude de escritura outorgada o 24 de xaneiro de 2020 ante o Notario de Santiago de Compostela, Don Marcelino Estévez Fernández, con número 108 do seu protocolo. Sen prexuízo deste recoñecemento estatutario, a condición de medio propio é expresamente recoñecida polo Consello de Contas no seu Informe de Fiscalización das Universidades Públicas Galegas [1632020-03A], aprobado polo pleno do Consello con data do 22 de outubro de 2021.

O carácter da Fundación USC de medio propio personificado da USC comporta que a relación daquela con esta ten natureza instrumental e non contractual, carácter interno, dependente e subordinado.

No marco de dita relación, e segundo o previsto na lexislación de contratos do sector público, é obriga da Fundación, no ámbito do seu obxecto social e nos termos fixados nos seus estatutos, executar as encomendas ou encargos que a Universidade lle faga.

Por outro lado, é obriga da Universidade compensar á Fundación pola execución das encomendas ou encargos. A compensación, segundo prevé a LCSP, establecerase por referencia ás tarifas que, para as actividades obxecto do encargo, sexan aprobadas pola entidade pública da que dependa o medio propio personificado. Ditas tarifas calcularanse de maneira que representen os custos reais da realización das unidades producidas directamente polo medio propio (art. 32 LCSP).

En cumprimento do sinalado no apartado anterior, o Consello Social da USC, en sesión extraordinaria do 29 de xullo de 2021, e previa proposta do Consello de Goberno do 23 de xullo, aprobou as tarifas aplicables para a prestación pola Fundación da prestación do servizo de limpeza de edificios e locais da Universidade de Santiago de Compostela (publicadas no perfil do contratante, tanto da USC como da Fundación, da Plataforma de Contratos Públicos de Galicia).

Segundo consta no acordo do Consello Social «as tarifas serán obxecto de revisión con carácter anual, ou de maneira extraordinaria cando concorran circunstancias de variabilidade dos prezos de mercado ou de cambios substanciais na estrutura de custos da Fundación USC que así o aconsellen», debendo seguirse o mesmo procedemento polo que foron aprobadas. Esta esixencia/necesidade de revisión/actualización dos prezos recóllese tamén no Informe de tarifas do 19 de xullo de 2021, que se anexa ao acordo do Consello Social, formando parte integrante deste.

Avenida das Ciencias 6, 1º
Campus Sur 15782 Santiago de Compostela
www.fundacionusc.gal

3

2. SERVIZO OBXECTO DA PROPOSTA DE TARIFA.

A presente proposta de modificación das tarifas faise respecto do desenvolvemento e prestación do servizo de limpeza de edificios e locais da Universidade de Santiago de Compostela, cuxa execución se leva a efecto nos termos que se establecen na correspondente resolución reitoral de encargo formalizada con data de 19 de agosto de 2024. En particular, o desenvolvemento e prestación do servizo abrangue:

- a) Servizo de limpeza de todos os locais e espazos que conforman os inmobles incluídos no encargo de xestión (aulas, oficinas, despachos, salas de reunión, seminarios, arquivos, bibliotecas, almacéns, laboratorios, salóns de actos, aseos, vestiarios, beirarrúas perimetrais, zonas de acceso, escaleiras, salva escaleiras, ramplas, zonas apergoladas, zonas cubertas exteriores, cubertas transitables, patios interiores baixos ou elevados, aparcamentos interiores, etc.)
- b) Reposición de consumibles e material desbotable (celulosa, papel hixiénico, produtos de limpeza e aseo, etc.)
- c) Instalación de colectores hixiénicos femininos.
- d) Instalación de contedores para a destrución de documentación confidencial certificada naqueles edificios e locais que identifique a USC como imprescindibles.
- e) Colaborar coa USC na xestión de residuos selectiva, para o que a institución académica dotará de medios técnicos ou equipamento material e a Fundación co seu persoal colaborará nesta xestión.

As actividades anteriores serán obxecto de desenvolvemento nos Campus universitarios de Santiago de Compostela e de Lugo.

3. XUSTIFICACIÓN REVISIÓN/ACTUALIZACIÓN DO PREZO

Con data 6 de agosto de 2021 a Universidade de Santiago de Compostela encargou á Fundación USC a execución do servizo de limpeza de edificios e locais. Para elo, en cumprimento da lexislación vixente, acordou a compensación tarifaria nos órganos correspondentes, logo da presentación dun informe por parte da Xerencia da Fundación USC.

Segundo o indicado en apartados anteriores, con data de 23 de xullo de 2021, o consello de goberno acorda propoñer ao consello social as tarifas e con data 29 de xullo o consello social aproba o informe de tarifas.

Con data 31 de agosto de 2024 finalizaba o encargo de xestión formalizado e a Universidade de Santiago de Compostela acorda formalizar un novo encargo de xestión, co mesmo obxecto, con data 19 de agosto de 2024 e data de inicio o 1 de setembro.

A Fundación USC nos anos precedentes sufriu diferentes cambios no modelo de xestión motivado polas decisións da USC, desde a solicitude da condición de medio propio, modificación estatutaria e sobre todo a formalización de diferentes encargos de xestión para a execución de diferentes actividades instrumentais e complementarias da institución académica. Estas decisións impactaron directamente na organización funcional e no proceso de integración das diferentes áreas, actividades e programas.

En relación ao mencionado no punto anterior, existen tres aspectos fundamentais que inflúen directamente nos custos do encargo de xestión do servizo de limpeza. Por un lado, as retribucións dos gastos de persoal como entidade integrante do sector público e o marco de negociación anual de función pública e por outra banda os procesos de negociación colectiva para reequilibrar as condicións do cadro de persoal da Fundación USC.

En relación aos incrementos retributivos anuais para a Fundación é de aplicación o que establece a lei de orzamentos no ámbito dos gastos de persoal ao servizo do sector público.

En relación aos procesos negociadores abertos co cadro de persoal do servizo de limpeza de edificios e locais, iniciouse un proceso para acadar un equilibrio das condicións laborais do cadro de persoal de ambos campus universitarios, posto que no momento de integración/subrogación na entidade as condicións eran substancialmente diferentes. Este proceso estase realizando dun xeito progresivo para garantir a estabilidade financeira e laboral na Organización.

Tamén é relevante un terceiro aspecto, o incremento dos prezos de mercado relativos aos aprovisionamentos para o desenvolvemento do servizo con garantía e a máxima calidade (consumibles de papel e celulosa, produtos desbotables, produtos de limpeza e desinfección, etc.)

Para rematar os procesos mencionados nos puntos anteriores é necesario realizar unha modificación da tarifa do encargo de xestión e modificar a compensación tarifaria pola prestación do servizo de limpeza de edificios e locais.

4. TARIFA DA FUNDACIÓN USC, M.P.

Como xa se mencionou, segundo o disposto no artigo 32 LCSP, a obriga de execución do encargo pola Fundación USC, na súa condición de medio propio personificado da USC, comporta a obriga desta última de compensar esa execución mediante as correspondentes tarifas que aprobe o Consello Social da USC a proposta do Consello de Goberno, e para cuxos efectos faise a presente proposta.

As tarifas, como tamén se sinalou, calcúlanse de maneira que representan os custos reais da execución das actividades relacionadas no apartado anterior e que sexan obxecto do encargo.

Como referencia para a determinación das tarifas empregouse a Orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (hoxe Ministerio de Facenda e Función Pública) HAP/2075/2014, de 6 de novembro, pola que se establecen os criterios de cálculo do coste efectivo dos servizos prestados por entidades locais («BOE» núm. 270, do 07/11/2014), ditada co obxecto de dar cumprimento aos principios de eficiencia, racionalización e sustentabilidade dos recursos públicos.

Segundo a dita Orde, o coste efectivo dos servizos determínase pola agregación de dous compoñentes:

- a) Custos directos. De acordo co disposto no artigo 4.2 da Orde, aplicable ás entidades dependentes ou vinculadas con orzamento estimativo e que apliquen o plan xeral de contabilidade da empresa, teranse en conta os custos de explotación incluídos na conta de resultados recollidos nas partidas de *aprovisionamentos, gastos de persoal, outros gastos de explotación, e amortizacións do inmovilizado*, así como, de ser o caso, calquera *outro gasto non financeiro* non sinalado anteriormente que teña relación coa prestación dos servizos.

Os custos directos identificarán exclusivamente aqueles asociados a cada servizo.

- b) Custos indirectos: De conformidade co artigo 5 da Orde, os custos indirectos (determinados con arranxo aos criterios de imputación) virán determinados polos relativos á administración xeral imputados proporcionalmente sobre os servizos prestados.

De acordo co anterior, tómase en consideración para a elaboración das tarifas:

- A conta de resultados analítica con carácter provisional do servizo de limpeza do 2024.
- Un período de referencia de 12 meses para a imputación de custos.
- As horas de traballo efectivo, en cómputo anual, do persoal asignado ao servizo, segundo o previsto nos convenios colectivos aplicables e/ou acordos particulares empresa e representación legal de persoas traballadoras.
- Os índices de absentismo estimados segundo os datos de anualidades anteriores no mesmo servizo (aproximadamente un 20%)
- As necesidades de investimentos estimadas.

Conforme ao exposto ata o de agora, procede facer a desagregación seguinte:

4.1. Custos directos:

- a) Gastos de persoal. Custos laborais do persoal asignado dunha forma directa á prestación dos servizos (categorías profesionais de limpadores/as, especialistas, condutores-limpadores, supervisores/as, encargados/as xerais e coordinador). Comprenden as remuneracións dos traballadores/as (soldos e salarios) así como as cotizacións á Seguridade Social, gastos de formación e outros gastos sociais (uniformidades, EPI's, etc.). Reflíctense ditos custos en termos brutos anuais, actualizados a decembro de 2024 e tendo en conta as previsións de actualizacións de táboas salariais para o exercicio 2025. Non se inclúen os custos derivados de indemnizacións por despido ou por fin de contrato.

Inclúense os custos de persoal de dirección e administración imputados directamente ao servizo de limpeza, seguindo os mesmos criterios de imputación que os gastos xerais.

- b) Aprovisionamentos. Inclúense aquí, fundamentalmente, os traballos realizados por outras empresas e as compras de outros aprovisionamentos (subministración de produtos de limpeza, papel, celulosa, etc.). Información obtida da conta de resultados correspondente ao exercicio 2024 da entidade e no orzamento exercicio 2025.

- c) Outros gastos de explotación. Inclúense aquí os gastos de reparación e conservación informática, reparación e mantemento web, servizos profesionais laborais, contables e fiscais, servizos profesionais xurídicos, de protección de datos, outros servizos, telecomunicacións, gastos en fotocopias, mensaxería, material de oficina, licenzas informáticas, servizo de prevención de riscos e vixilancia da saúde, etc.

- d) Amortizacións. Amortizacións do inmovilizado correspondentes ao exercicio 2024 e a previsión do exercicio 2025 segundo a información contida nas táboas de inmovilizado.

Segundo o exposto:

SERVIZO	A) GASTOS DE PERSOAL	B) APROVIS.	C) OUTROS GASTOS EXPL.	D) AMORTIZ.
Limpeza de edificios e locais	7.472.954,31 €	204.587,85 €	19.064,45 €	12.482,03 €
TOTAIS CUSTOS DIRECTOS/ANO	7.472.954,31 €	204.587,85 €	19.064,45 €	12.482,03 €

4.2. Custos indirectos:

De conformidade co artigo 5 da Orde HAP/2075/2014 e tomando como referencia o previsto no artigo 50.3 da Lei 16/2010, de 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia («DOG» núm. 251, de 31/12/2010; «BOE» núm. 35, de 10/02/2011), aplícase, en concepto de custos indirectos: custos xerais de estrutura, gastos xerais e corporativos. A Fundación USC aplica os custos

indirectos proporcionalmente sobre todos e cada un dos programas que forman parte do seu Plan de actuación, en termos porcentuais sobre a base dos ingresos obtidos ou estimados por cada un dos ditos programas no exercicio correspondente.

Así calculado, e dentro dos límites porcentuais previstos na normativa anterior, resulta o seguinte importe por custos indirectos a aplicar sobre o servizo de limpeza obxecto do encargo:

OUTROS GASTOS DA ACTIVIDADE	CUSTOS INDIRECTOS
Reparación e conservación informática	9.673,10 €
Reparación e mantemento web	519,99 €
Servizos profesionais laborais	23.612,32 €
Servizos profesionais contables-fiscais	12.717,11 €
Servizos profesionais xurídicos	3.123,07 €
Servizos profesionais de protección de datos	1.432,40 €
Outros servizos	7.623,04 €
Telecomunicacións	3.077,88 €
Gastos fotocopias	710,28 €
Gastos de material de oficina	789,20 €
Gastos de licenzas informáticas	2.251,59 €
Servizo de prevención de riscos e vixilancia da saúde	6.492,28 €
Amortización do inmovilizado xeral	10.027,90 €
Outros tributos	45,66 €
Gastos financeiros	357,69 €
Gastos excepcionais	0,21 €
TOTAL CUSTOS INDIRECTOS/ANO	82.453,72

4.3. Investimentos:

En concepto de necesidades de investimento, segundo o estimado para o exercicio 2025, a Fundación USC precisa realizar unha inversión en maquinaria. Aplicando o mesmo criterio sinalado no apartado anterior, resulta o seguinte importe en concepto de investimentos a aplicar ao programa de servizo de limpeza de edificios e locais:

SERVIZO	INVESTIMENTOS
Limpeza de edificios e locais	1.300,00 €
TOTAL INVESTIMENTOS	1.300,00 €

4.4. Horas efectivas de traballo, en cómputo anual:

Para o cálculo da tarifa, téñense en conta as horas efectivas de traballo, en cómputo anual, segundo o previsto nos acordos sobre condicións económicas e sociais e convenio colectivo aplicable ao persoal asignado ao servizo e as súas xornadas de traballo (xornada completa e xornada parcial), nos termos seguintes:

- Convenio Colectivo para do sector de limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña, suscrito con data do 28 de maio de 2024 («BOP» núm. 113, do 12 de xuño de 2024).
- Acordo suscrito coa representación dos traballadores e traballadoras sobre as condicións económicas e sociais dos traballadores e traballadoras do Campus de Santiago de Compostela. Acordo con data de 2 de xuño de 2010
- Convenio Colectivo para do sector de limpeza de edificios e locais da provincia de Lugo, suscrito con data do 26 de abril de 2024 («BOP» núm. 110, do 13 de maio de 2024).
- Acordo suscrito coa representación dos traballadores e traballadoras sobre as condicións económicas e sociais dos traballadores e traballadoras do Campus de Lugo. Acordo con data de 21 de febreiro de 2018.

De conformidade co previsto nos artigos 130 da Lei de Contratos do Sector Público e no artigo 44 do Estatuto dos Traballadores a entidade estivo obrigada á subrogación do persoal nos termos previstos nos referidos convenios e acordos.

De conformidade co exposto:

SERVIZO	CONVENIO COLECTIVO	XORNADA HORAS/ANO	NÚM. TRAB.	TOTAL HORAS/ANO
Campus de Santiago de Compostela	Apartados a) e b) do punto anterior	1.552	161	249.872 horas ¹
Campus de Lugo	Apartados c) e d)	1.552	30	46.560 horas ¹
Coordinación ambos campus		1.552	1	1.552 horas
Administración		1.680	0,88	1.478 horas
Dirección		1.732	1,76	3.048 horas
TOTAL HORAS/ANO				302.510 horas

¹Correspóndese co sumatorio de horas anuais dos traballadores e traballadoras con carácter laboral fixo directos ao servizo de limpeza e a parte de imputación do persoal de administración e dirección.

4.5. Cálculo do custo final: TARIFA DO ENCARGO.

O custo final, **TARIFA DO ENCARGO**, vén determinado pola aplicación dos custos directos de explotación, os custos indirectos e o importe estimado en investimentos sobre as horas de traballo efectivo en cómputo anual. É dicir, o **IMPORTE/HORA** é o resultado da seguinte fórmula:

$$\frac{\text{CUSTOS DIRECTOS + CUSTOS INDIRECTOS + INVESTIMENTOS}}{\text{HORAS EFECTIVAS TRABAJO ANO}}$$

Aplicada a fórmula anterior aos importes referidos polos ditos conceptos á actividade obxecto da presente proposta de tarifas:

$$\frac{7.709.088,64 \text{ EUROS} + 82.453,72 \text{ EUROS} + 1.300,00 \text{ EUROS}}{302.510 \text{ HORAS}}$$

Do que resulta, polo tanto, un custo final, **TARIFAS DO ENCARGO**, de:

DESENVOLVEMENTO E PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA	25,76 €/hora
--	--------------

5. APLICACIÓN, VIXENCIA E REVISIÓN DAS TARIFAS.

As tarifas aplicaranse aos servizos que sexan obxecto de encargo pola USC, entrando en vigor na data de efectos deste último nos termos que se estableza na resolución reitoral pola que se formalice dito encargo á Fundación USC.

As tarifas serán obxecto de revisión no prazo previsto na devandita resolución, ou de maneira extraordinaria cando concorran circunstancias de variabilidade dos prezos de mercado ou de cambios substanciais na estrutura de custos da Fundación USC que así o aconsellen.

En Santiago de Compostela, a 21 de xaneiro de 2025

O Xerente da Fundación USC, M.P.
Óscar Hermida Otero

Avenida das Ciencias 6, 1º
Campus Sur 15782 Santiago de Compostela
www.fundacionusc.gal

10

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 03/02/2025 13:45:17.

Asinante/Firmante/Signer: DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 31/01/2025 14:55:16.

CSV: E859-983E-4670-91FE